

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día cinco de febreiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Rectificación do erro material producido no acordo número 1/22, da Xunta de Goberno Local do 22 de xaneiro de 2014, no que se aproba a acta do 22 de xaneiro actual, debendo aprobar a acta do 15 de xaneiro de 2014 e aprobación das actas das sesións ordinaria e extraordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 22 e 27 de xaneiro de 2014, respectivamente.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de instalación dun ascensor en edificio con licenza número 290/86, sito na rúa Rei Don García, números 26-28.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para reforma de portal para mellorar as condicións de accesibilidade no edificio con licenza número 680/73, sito en solo urbano, na rúa Río Narla, número 38; para a construción de foso para dous ascensores no edificio con licenza número 680/73, sito en solo urbano, na rúa Río Narla, número 38; para a reforma de local e adecuación de fachada no edificio sito en solo urbano, na rúa San Marcos, número 1; para a execución de anexo a vivenda tradicional para garaxe no núcleo rural tradicional de Barbaín, número 14, parroquia de Santa María de Bóveda; para a construción de almacén agrícola, en solo clasificado como rústico de protección agropecuaria-forestal, na estrada de Friol, polígono 253, parcela 6; para legalización de pozo de barrena para abastecemento de xardín na parcela sita na rúa Piñeiral Grande, número 5, sector sur B, Areeiras-Louzaneta, polígono 2, parcela 42 e para cambio de uso de 4 locais sen uso a 4 vivendas nos pisos 1ºg en planta primeira, 2ºg en planta segunda, 3ºg en planta terceira e 4ºg en planta cuarta, quedando 26

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	14/02/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	X2orM3y/fb2jxF+8bvsgKA==	PÁGINA 1/3



vivendas e 11 locais sen uso no edificio con licenzas 888/06, 71/07 e 1376/09, sito na rúa Menorca, número 8.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a autorización para realización de servizos extraordinarios por un funcionario, adscrito ao Servizo de Arquitectura e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase aporbar a solicitude formulada na que insta a desistencia á solicitude de licenza de obras para rehabilitación de edificio na ronda da muralla, 136, pola que ingresou a autoliquidación número 5514874, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 2.305,43 €.

Do mesmo xeito, acórdase aprobar a solicitude formulada na que insta a devolución do importe ingresado mediante a liquidación número 3361460 (1129/2007), en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e de imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras outorgada para construír un edificio na rúa Río Neira, 5-7-13-15.


Tamén se acorda aprobar a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras 361ae/2013 outorgada para construír un edificio na rúa Rof Codina, 8-10, e rúa Montirón, 81-83.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase remitir o expediente ao Servizo de Persoal co obxecto de que acompañe proposta de acordo na que se xustifique a decisión a adoptar no expediente relativo a dación de conta dos escritos de alegacións e acta do Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a cobertura de sete prazas de técnico/a en xardín de infancia (unha reservada a discapacitados/as).
- Acórdase desestimar a solicitude dun funcionario, acerca de que se admita a causa de abstención alegada como instructor do expediente disciplinario incoado ó funcionario don Manuel Angel Brea Santomé.
- Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto, a adxudicación por procedemento negociado na contratación das

Código Seguro de verificación: X2orM3y/fb2jxF+8bvsgKA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	14/02/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	X2orM3y/fb2jxF+8bvsgKA==	PÁGINA 2/3



X2orM3y/fb2jxF+8bvsgKA==

obras de reparación da rede de abastecemento en Montero Ríos e a apertura do procedemento de adxudicación.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación: X2orM3y/fb2jxF+8bvsgKA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	14/02/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	X2orM3y/fb2jxF+8bvsgKA==	PÁGINA 3/3



X2orM3y/fb2jxF+8bvsgKA==